

## **ECONOMÍA E ORGANIZACIÓN DE EMPRESAS**

**Aclaracións:** As preguntas curtas (da 1 á 4) contéstense brevemente (de 3 a 5 liñas).

### **OPCIÓN 1**

1.- ¿Qué é unha Sociedade Laboral? ¿As Sociedades Laborais son necesariamente sociedades anónimas? (0,75 pts.)

2.- Diferencia entre contratos de traballo a tempo parcial e contratos indefinidos. (0,75 pts.)

3.- ¿Qué se entende por *novas tecnoloxías da información*? Pon algún exemplo. (0,75 pts.)

4.- ¿En que se diferencian os custos directos dos indirectos? Ilustra a resposta con algún exemplo. (0,75 pts.)

5.- Explica os principios e estruturas básicas da organización empresarial. (2 pts.)

6.- Unha empresa está sometendo a análise dous proxectos de inversión, dos que ten a seguinte información: o primeiro dos proxectos supón un desembolso inicial de 7.500 u.m. e vai a proporcionar uns ingresos de 6.500 u.m. o primeiro ano e 7.000 u.m. o segundo ano. Os pagos correspondentes a cada ano serían 3.000 e 1.500 u.m. respectivamente. O segundo proxecto implica un desembolso inicial de 5.000 u.m. e proporciona uns ingresos de 5.500 u.m. o primeiro ano e 7.500 u.m. o segundo, sendo os pagos correspondentes a ditos anos de 2.000 e 3.500 u.m.

Pídese: a) Calcular os fluxos netos de caixa correspondentes ós dous proxectos nos dous anos e a súa taxa de rendibilidade interna (TIR) (1 pto). b) Calcular o valor actual neto (VAN) para os proxectos, tendo en conta que o tipo de xuro é do 8 % (1 pto). c) Razoar cal das dúas inversións é máis conveniente (0,5 pts).

7.- Unha empresa presenta uns custos fixos de 600 u.m. e os seguintes custos variables para cada nivel de produción: para 1 unidade producida os custos variables ascenden a 450 u.m.; para 2 os custos variables son de 600 u.m.; para 3 os custos variables son de 660 u.m.; para 4 unidades os custos variables suman 700 u.m. e para 5 unidades os custos variables son de 720 u.m.

Pídese: a) Calcular os custos totais e os custos medios para cada nivel de produción (1pto.); b) Calcular os custos marxinais para cada nivel de produción (1 pto); c) Explicar a relación que existe entre o custo marginal e o custo medio en función dos resultados obtidos nos apartados anteriores (0,5 pts).

### **OPCIÓN 2**

1.- ¿Qué se entende por creación de valor? Ilustra a resposta cun exemplo. (0,75 pts.)

2.- ¿Qué se entende por gastos en I+D? Completa a resposta con algún exemplo. (0,75 pts.)

3.- Explica brevemente en qué consiste o principio organizativo de unidade de mando. (0,75 pts.)

4.- Define o concepto de periodo medio de maduración. (0,75 pts.)

5.- A investigación de mercados: concepto, fases e métodos. (2 pts.)

6.- A empresa CASA, S.A., que se adica á comercialización de artigos para o fogar presenta a 31 de decembro de 2004 os seguintes saldos para as contas que afectan ós resultados (expresados en u.m.): Compras de mercadorías, 18.000; Ventas de mercadorías, 62.500; Intereses cobrados pola posesión de activos financeiros, 12.500; Gastos de aluguer 8.000; Gastos de publicidade, 1.200; Intereses pagados ó banco por descontos de efectos, 15.000; beneficios procedentes da venda dun terreno propiedade da empresa, 12.500.

Pídese: a) Ordear adecuadamente as contas anteriores distinguindo entre ingresos e gastos e calcular os resultados de explotación (1pto.); b) Determinar os resultados ordinarios e extraordinarios (1pto.); c) Calcular o beneficio antes e despois de impostos (tipo impositivo: 35%) (0,5pts.).

7.- A empresa ALFA, S.A. comercializa recambios de coches. A principios do mes de xaneiro do 2004 contaba cunhas existencias de 1.200 unidades a un prezo de 400 u.m. por unidade. Durante o mes de xaneiro realizou as seguintes operacións: o día 3 compra 350 unidades a 600 u.m. por unidade; o día 10 compra 750 unidades a 850 u.m. por unidade; o día 18 vende 400 unidades; o día 20 vende 1.200 unidades; o 24 compra 300 unidades a 1.200 u.m. por unidade e o día 30 vende 600 unidades.

Pídese: a) Valora as existencias de mercadorías no almacén a finais de mes polo método FIFO (1 pto). b) Valora as existencias de mercadorías no almacén a finais de mes de acordo co método LIFO (1 pto), c) Explica as diferencias entre os resultados obtidos por ambos métodos (0,5 pts).

## **ECONOMÍA E ORGANIZACIÓN DE EMPRESAS**

**Aclaracións:** As preguntas curtas (da 1 á 4) contéstense brevemente (de 3 a 5 liñas).

### **OPCIÓN 1**

- 1.- ¿Qué é un convenio colectivo? ¿Qué axentes interveñen na súa negociación? (0,75 pts.)
- 2.- Diferencia entre impostos directos e indirectos. Pon un exemplo de cada tipo. (0,75 pts.)
- 3.- ¿Qué se entende por unha situación de suspensión de pagos? (0,75 pts.)
- 4.- ¿En qué consiste o principio organizativo de xerarquía? (0,75 pts.)
- 5.- A Sociedade Anónima: características, requisitos para a súa constitución e órganos sociais. (2 pts.)
- 6.- A unha empresa que está valorando a posibilidade de realizar unha inversión preséntanselle dúas posibilidades: Inversión A (desembolso inicial: 1.000, fluxos de caixa: 7.000 e 1.400 o primeiro e segundo ano respectivamente), Inversión B (desembolso inicial: 1.400, fluxos de caixa: 1.300 e 1.300 o primeiro e segundo ano respectivamente).

Pídese: a) Calcular a taxa de rendibilidade interna (TIR) das dúas inversións (1 pto). b) Sabendo que o tipo de xuro é do 10%, ¿cal é o VAN de cada inversión? (1 pto). c) Interpretar os resultados (0,5 pts).

7.- Unha empresa que fabrica 150 ordenadores ó ano, encontrase ante o dilema de fabricar ela mesma os discos duros para os ordenadores ou compralos a unha empresa auxiliar. A empresa auxiliar cóbralle por cada disco duro que lle vende 4.000 u.m.. Se decide fabricar ela mesma os discos duros, ten que soportar uns custos fixos de 300.000 u.m. ó ano e cada disco duro que fabrique terá un custo variable unitario de 1.500 u.m..

Pídese: a) Baixo estas condicións, determina si á empresa lle interesa producir ela mesma os discos duros ou comprarlos á empresa auxiliar. Razona a resposta (1 pto). b) ¿Qué ocurriría si en vez de 150, producise 100 ordenadores ó ano?. Razona en este caso si lle interesaría producir ela mesma os 100 discos duros para os ordenadores ou lle interesaría comprarlos á empresa auxiliar (1 pto). c) Calcula a cantidade de ordenadores que tería que producir ó ano para que lle fora indiferente comprar os discos duros ou producilos ela mesma (0,5 pts).

### **OPCIÓN 2**

- 1.- ¿Qué se entende por extinción dun contrato de traballo? Indica algunhas das causas que poidan motivar dita extinción. (0,75 pts.)
- 2.- ¿Qué son as sociedades laborais? ¿Cantos tipos coñeces? (0,75 pts.)
- 3.- ¿Qué se entende por eficiencia técnica? (0,75 pts.)
- 4.- ¿En qué consiste o principio organizativo de división do traballo? (0,75 pts.)

5.- A segmentación de mercados: concepto, obxectivo, criterios e variables empregadas na práctica para leva-la a cabo. Ilustra a túa resposta con algún exemplo. (2 pts.)

6.- Unha empresa presenta os seguintes elementos patrimoniais a 31-12-.2004 (valores en euros): Maquinaria 20.000; Mercadorías 2.000; Clientes 5.000; Préstamos a longo prazo 5.000; Reservas 1.000; Bancos 1.000; Provedores 8.000; Provedores, efectos comerciais a pagar 5.000.

Pídese: a) Elaborar o balance de situación agrupando as contas en masas patrimoniais e calcular o importe da conta de capital (1 pto). b) Tendo a seguinte información: T = dispoñible/esixible a curto prazo; L = (dispoñible + realizable + existencias)/pasivo circulante; E= activo real/esixible total, calcular as ratios de Tesourería, Liquidez e Garantía (1 pto). c) Interpretar os resultados alcanzados en cada caso comentando a situación financeira desta empresa (0,5 pts)

7.- Unha empresa ten unha demanda anual dos seus artigos de 250 unidades cun prezo de compra de 3,40 u.m. por unidade. O custo fixo de xestión dos pedidos é de 15 u.m. por cada pedido. O custo variable de mantemento de existencias é de 3 u.m. por unidade.

Pídese: a) Calcular o volume óptimo de pedido (1 pto). b) Calcular o número de pedidos que realiza a empresa ó ano e o coste total dos stocks (1 pto). c) Comenta o significado dos resultados obtidos nos apartados anteriores(0,5 pts).